



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EBO- TVA

Curso: 2025-2026



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Esta programación, conforme a orde do 22 de xullo de 1997 e o Decreto 374/96, foi consensuada en Claustro e posteriormente avaliada e aprobada no Consello Escolar do MARTES 28 de outubro de 2025

ESO

Grupos

A-B-C-D-E-F-G-H-I

REFERENTE: PROGRAMACIÓN TRANSICIÓN
Á VIDA ADULTA

COORDINADORA: M^a Elena Redondo Ferrín

ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN: CARACTERÍSTICAS XERAIS DE NIVEL

2.- OBOJECTIVOS XERAIS**3.-ÁMBITOS DE APRENDIZAXE : OBOJECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS****- 3.1 DESENVOLVEMENTO E BENESTAR PERSOAL****- 3.2 PARTICIPACIÓN SOCIAL E COMUNITARIA****OBRADOIROS****4.- ACTIVIDADES****5.- COMPETENCIAS CLAVE****6.- TEMPORALIZACIÓN****7.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE****8.- METODOLOXÍA****9.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE****10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS****11.- AVALIACIÓN DOS ALUMNNOS/AS****12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES****13.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE BIBLIOTECA****14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC****15.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES E EDUCACIÓN EMOCIONAL. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA****16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO****17.- MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR****18.- ACTIVIDADES PERIÓDICAS DO CICLO****19.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN****1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CICLO**

Neste nivel este curso escolarízanse 45 alumnos/as de idades comprendidas entre os 13 e 20 anos. Estes nenos/as distribúense en 9 grupos-clase cos seus correspondentes titores. Neste curso académico os titores son:

Grupo A Rosalía Domínguez Serantes.

Grupo B Andrea Fontán Ces.

Grupo C Ana María Román Maseda (ausente). Nerea Iglesias Rodríguez (substituta).

Grupo D María Josefa Tapia Fernández.

Grupo E Felisa Rodríguez Rodríguez.

Grupo F Bárbara Bueno Pascual de Lallana.

Grupo G Elena Redondo Ferrín.

Grupo H Elena González Losada.

Grupo I Luis José Pérez Suárez (ausente). Manuel Paz Torres (substituto).

Igualmente, forman parte do 3º nivel da ESO, Dª Guadalupe Calviño Vázquez xefa de estudos e mestra de Educación Física, Dª Iria García Pintos mestra de Música así como Dª. Amelia Otero López, secretaria e mestra de Audición e Linguaxe, e os seguintes especialistas de AL Dª D. Jose Victor Sánchez Rodríguez e Dª María Jesús Domínguez Fernández.

En canto ao apoio a linguaxe, lévase a cabo tanto de forma conxunta, por grupo clase, coma de forma individualizada a algúns alumnos deste nivel, por parte da mestras especialistas de Audición e Linguaxe.

O criterio básico de agrupamento dos alumnos/as foi a idade cronolóxica, a proximidade de intereses , o seu desenvolvemento curricular, así como o reparto proporcional de rapaces por aula.

Aínda así a diversidade dentro de cada aula fai necesario considerar estes agrupamentos como flexibles e suxeitos a calquera tipo de modificación ó longo do curso. Ao tempo que requiren unha resposta educativa o máis diversificada e individualizada posible para atender as necesidades e características diferenciais de cada alumno/a.

O nivel funcionará ao longo do curso atendendo a dúas áreas formativas:

Por un lado, nas titorías impartirase a formación básica.

Por outro lado, proporcionaremos unha formación específica co funcionamento dos diferentes obradoiros. No presente curso desenvolveranse os seguintes:

Obradoiro de Cociña.

Obradoiro de Manualidades.

Obradoiro de Autonomía.

Obradoiro de STEM.

Obradoiro de Expresión corporal e dramatización.

Obradoiro de Estimulación Multisensorial.

Obradoiro de Xardinaria.

2.- OBXECTIVOS XERAIS

- Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos
- Coñecer e apreciar valores e normas de convivencia que garanten un contexto educativo tranquilo e favorecedor do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Autonomía persoal para enfrontarse ás esixencias dunha vida adulta.
- Desenvolver hábitos de traballo de iniciativa persoal, curiosidade e interese.

- Adquirir habilidades precisas e saber utilizar as fontes de información para a procura de emprego.
- Afianzar e desenrolar as competencias dos alumnos/as, nos seus aspectos físicos, afectivos, cognitivos, comunicativos, morais, cívicos e de inserción social, promovendo o maior grao posible de autonomía persoal e de integración social.
- Fomentar a participación dos alumnos/as en todos aqueles contextos nos que se desenvolve a idade adulta: A vida doméstica, utilización de servizos á comunidade e goce do ocio e tempo libre, entre outros.
- Promover os coñecementos instrumentais básicos, adquiridos na educación básica, afianzando as habilidades comunicativas e numéricas, a capacidade de razoamento e resolución de problemas da vida diaria, así como o desenrolo da creatividade dos alumnos/as.
- Potenciar hábitos vinculados coa saúde corporal, a seguridade persoal e o equilibrio afectivo, para desenrolar a súa vida co maior benestar posible.
- Promover o desenrolo das actitudes laborais de seguridade no traballo, actitude positiva ante as tarefas e normas elementais de traballo, así como a adquisición de habilidades laborais de carácter polivalente.
- Afianzar unha competencia comunicativa útil en diferentes contextos.
- Responsabilizarse do traballo que lle corresponde dentro dun equipo no marco dun proceso planificado e organizado.
- Desenvolver competencias sinxelas que se aproximan á actividade laboral, a través dos obradoiros.

Estes obxectivos traballaranse a través tanto da formación básica nos grupos-titorías coma na formación específica impartida nos diferentes obradoiros.

A continuación exporemos detalladamente os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave para cada unha destas áreas.

3.- ÁMBITOS DE APRENDIZAXE.

O ciclo de Tránsito á Vida Adulta (TVA), forma parte da estrutura educativa do Centro de Educación Especial CEE Pontevedra. Nesta etapa educativa, preténdese continuar traballando as aprendizaxes básicas (lectoescritura, lóxico-matemática, ciencias...); xunto a habilidades de autonomía e destrezas nos diferentes obradoiros.

Existe moi pouca lexislación que desenvolva os Programas de TVA. Podemos sinalar a Orde do 22 de marzo de 1999 pola que se regulan os programas de formación para a transición á vida adulta destinados ao alumnado con necesidades educativas especiais en Centros de Educación Especial.

Tomando como referencia a Orde do 22 de marzo de 1999 pola que se regulan os programas de formación para a transición á vida adulta destinados ao alumnado con necesidades educativas especiais en Centros de Educación Especial e a Resolución do 20 de maio de 1999, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se propón un modelo de Programas de Formación para a Transición á Vida Adulta, co fin de orientar a resposta educativa dirixida ao alumnado con necesidades educativas especiais, escolarizado en Centros de Educación Especial na etapa postobligatoria; os contidos curriculares traballados ao longo do curso agruparanse en torno aos seguintes ámbitos:

- AUTONOMÍA PERSOAL NA VIDA DIARIA
- INTEGRACIÓN SOCIAL E COMUNITARIA
- ORIENTACIÓN E FORMACIÓN LABORAL

Así, tendo en conta as diferenzas de capacidades existentes entre o alumnado, en cada un destes ámbitos traballaremos obxectivos das etapas de Educación Infantil e de Educación Primaria, tomando como base lexislativa o Decreto 150/2022, do 8 de setembro e o Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

Tratarán de acadarse os seguintes OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

BLOQUE 1: AUTONOMÍA PERSOAL NA VIDA DIARIA

Coñecer a súa imaxe física, afectiva e sexual e outras diferentes.

Controlar o seu corpo, empregalo como instrumento para expresar sentimentos e relacionarse cos demais a través de diferentes intervencións específicas e axudas.

Comprender e expresar mensaxes sobre si mesmos e as súas necesidades.

Comunicar intencións e desexos de forma axustada, en distintos contextos e situacións.

Regular o propio comportamento e influír no dos demais.

Adquirir/mellorar habilidades para desenvolverse nas actividades da vida diaria (hixiene, alimentación e vestimenta)

Organizar o tempo e o espazo a través de rutinas (axenda, calendario, reloxo, acceso a recursos e materiais da aula, etc.).

Practicar tarefas domésticas reducindo a axuda necesaria (facer a compra, cociñar, limpar, tender a roupa...).

Coñecer aspectos básicos sobre a saúde e seguridade para mellorar a calidade de vida e a autonomía.

BLOQUE 2: INTEGRACIÓN SOCIAL E COMUNITARIA

Expresar os seus sentimentos, gustos e intereses

Establecer e manter relacións sociais axeitadas ao contexto cos compañeiros e compañeiras e cos adultos.

Participar en relacións interpersoais propios dos contornos nos que se desenvolve a súa vida cotiá.

Participar en actividades sociais do contorno (festas, celebracións...).

Coñecer e practicar diferentes actividades de tempo libre segundo os seus gustos (deporte, música, xogos...).

Identificar os lugares e recursos existentes no contorno próximo, as necesidades que permiten cubrir e os medios para acceder a eles.

Empregar o transporte público: autobús.

Practicar as normas de seguridade viaria como peóns nas saídas.

BLOQUE 3: ORIENTACIÓN E FORMACIÓN LABORAL

Adquirir progresivamente habilidades, hábitos e procedementos básicos que favorezan actitudes positivas cara o mundo laboral (obradoiros).

Coñecer e respectar normas básicas: orde, seguridade e hixiene (obradoiros).

A continuación, recóllense algún dos CONTIDOS que se traballarán de cada bloque:

BLOQUE 1: AUTONOMÍA PERSOAL NA VIDA DIARIA

MÓDULO 1 : BENESTAR FÍSICO E SAÚDE

HIXIENE E CUIDADO PERSOAL	VESTIDO	ALIMENTACIÓN
-Lavado e secado de mans. -Independencia para ir ao baño. -Uso de baños públicos. -Lavado de dentes	-Calzado e descalzado. -Vestido e desvestido. -Abrochar e desabrochar botóns e cremalleiras.	-Uso dos cubertos. -Uso do pano de mesa.

MÓDULO 2 : AFECTIVIDADE

- Comunicación de sentimentos e necesidades.
- Expresión de aceptación ou rexeitamento cara as manifestacións de afecto dos demais.
- Respecto se alguén rexeita unha mostra de afecto que lle queremos dar.

MÓDULO 3 : ORGANIZACIÓN PERSOAL

RUTINAS TEMPORAIS	RUTINAS ESPACIAIS
-Axenda. -Calendario. -Festividades e celebracións. -Reloxo.	-Orientación espacial para moverse polos distintos espazos do centro. -Asociación de cada actividade/obradoiro co lugar onde se desenvolve. -Localización de recursos e materias na aula.

MÓDULO 4 : AUTONOMÍA DOMÉSTICA

A COMPRA	A VIVENDA: TAREFAS DOMÉSTICAS	SEGURIDADE NO FOGAR
-Proceso de compra. -Uso do diñeiro	-Realización de tarefas: facer a cama, tender a roupa, limpar mobles, etc. - Identificación dos lugares onde están os ingredientes de determinadas comidas. -Lavado dos utensilios despois de empregalos. - Ordenación dos elementos empregados no seu lugar.	-Prevención de accidentes. -Actuacións nos accidentes.

-

Recoñecemento

das

súas pertenzas, coidado delas e respecto
polas demais.

BLOQUE 2: INTEGRACIÓN SOCIAL E COMUNITARIA

MÓDULO 1 : TEMPO LIBRE E OCIO

RELACIÓNS PERSOAIS BÁSICAS

Expresión dos seus sentimentos.

Emprego do "eu"

Coñecemento dos momentos nos que se debe saudar, despedir e dar as grazas.

Recoñecemento de distintas persoas e de como falar con elas segundo a situación.

Participación nas conversas da maneira máis activa e fluída posible.

Relación cos seus compañeiros de maneira axeitada e respectando as diferencias.

Respecto polas regras dos xogos, pola opinión dos demais e pola quenda á hora de falar.

Práctica de situacións nas que deba poñerse no lugar doutras persoas e resolver
situacións ou conflitos.

AFECCIÓNS PERSOAIS

Expresión dos seus gustos, intereses e preferencias.

Coñecemento do funcionamento de aparellos domésticos que poidan empregar no tempo
de lecer e uso destes aparellos para escoitar música, bailar, reproducir películas, etc.

Expresión dos seus gustos musicais e escoita desas cancións e das que lles gustan aos
demais.

Comportamento axeitado na actividade de cine e expresión de gustos.

Participación en xogos e/ou deportes do seu interese.

ASISTENCIA A FESTAS

Participación activa nas festas tradicionais, conmemoracións e celebracións ao longo de
todo o curso.

Celebración mensual dos aniversarios tomando conciencia dos rapaces e rapazas que
cumpran anos cada mes.

MÓDULO 2 : RECURSOS LOCAIS

RECURSOS DA LOCALIDADE

Interese por coñecer o ambiente que lle rodea.

Coñecemento dos servizos comunitarios da contorna e como se empregan.

Uso axeitado deses servizos.

MÓDULO 3: TRANSPORTES**SEGURIDADE VIARIA**

Práctica do cumprimento das normas de seguridade viaria como peón.

BLOQUE 3: ORIENTACIÓN E FORMACIÓN LABORAL**MÓDULO 1 : CAPACITACIÓN AO POSTO****MATERIAIS E FERRAMENTAS DOS OBRADOIROS**

Coñecemento das normas básicas do uso dos materiais e ferramentas dos obradoiros, así como dos riscos do mal uso dos mesmos.

Respecto das normas.

REALIZACIÓN DE TAREFAS NOS OBRADOIROS

Seguimento dos pasos para realizar as tarefas do xeito máis autónomo posible.

Identificación das máquinas, ferramentas, aparellos ou utensilios necesarios segundo a tarefa a realizar.

Denominación axeitada das máquinas, ferramentas, aparellos e utensilios.

Permanencia no lugar axeitado mentres traballen.

Traballo en equipo para realizar as actividades propostas.

Emprego de habilidades sociais na relación cos demais.

Interese polo cumprimento das normas básicas de orde, hixiene e seguridade.

PROGRAMACIÓN DOS OBRADOIROS

Proporcionaremos unha formación específica co funcionamento dos diferentes obradoiros. No presente curso desenvolveranse os seguintes:

- Obradoiro de Cociña.
- Obradoiro de Manualidades.
- Obradoiro de Autonomía.
- Obradoiro de STEM e Experimentos.
- Obradoiro de Expresión corporal/Dramatización.
- Obradoiro de Estimulación Sensorial.
- Obradoiro de Xardinaría.

Durante este curso os obradoiros estarán organizados do seguinte xeito:

Para ser máis eficaces cada corredor que están formados por tres aulas grupos-clase organiza os seus propios obradoiros da seguinte maneira.

Corredor 4-6

Composto por as seguintes grupos

Grupo A , aula 2B titora Rosalía Domínguez

Grupo B , aula 4A titora Andrea Fontán

Grupo C , aula 4C titora Nerea Iglesias

Este grupo durante o curso escolar traballará 4 obradoiros.

Obradoiro de cociña-autonomía, obradoiro de manualidades, expresión corporal e dramatización e xardinaría.

A través deles, fomentarase a autonomía persoal, a creatividade, a cooperación e a comunicación nun contexto práctico e motivador. Para poder atender as necesidades, capacidades e potencialidades do noso alumnado e, co fin de ter unha convivencia amena que fomente as relacións sociais prazenteiras e o aproveitamento dos obradoiros, decidiuse dividilos en tres grupos: grupo un, grupo dous e grupo tres.

Un día á semana xuntaránse os tres grupos.

Os luns asistirán ao obradoiro de manualidades os tres grupos coas tres titoras.

Os martes os grupos 2 e 3 asistirán ao obradoiro de Expresión corporal, Dramatización e Xardinaría coas titoras Andrea e Nerea nas tres primeiras sesións e o grupo 1 irá ao obradorio de Cociña-Autonomía nas dúas últimas sesións coa titora Lia.

Os xoves o grupo 1 asistirá ao obradoiro de Expresión corporal, e Xardinaría coa titora Andrea. E os grupos 2 e 3 ao obradoiro de Cociña/Autonomía coas titoras Nerea e Lia as dúas últimas sesións.

Cada obradoiro ten unha duración de dúas sesións semanais.

Corredor 8

Composto por os seguintes grupos:

Grupo D , aula 8B titora Xosefa Tapia

Grupo E , aula 8A titora Feli Rodríguez

Grupo F , aula 8C titora Bárbara Bueno

Este pasillo organizará **tres obradoiros: cociña-autonomía, expresión corporal e dramatización, manualidades**

O alumnado dos tres grupos xuntaránse para cada obradoiro que estará impartido polas tres titoras

Cada obradoiro ten unha duración de dúas sesións á semana

Os mércores farán o obradoiro de dramatización/expressión corporal na aula 8F

Os xoves farán o obradoiro de cociña-autonomía no apartamento

Os venres farán o obradoiro de manualidades na aula 8F

No caso de que non aproveiten os obradoiros propostos unha das titorías traballará en pequeno grupo actividades de autonomía persoal nas aulas 8A ou 8B.

Corredor 12

Composto polos seguintes grupos:

Grupo G , aula 12A titora Elena Redondo

Grupo H, aula 12B titora Elena González

Grupo I, aula 12C titor Luis Suárez (ausente) Manuel Paz Torres sustituto

Este grupo traballará os seguintes obradoiros, **cociña-autonomía, STEM, manualidades e xardinaría.**

Cada titor faráse cargo dun obradoiro e rotarán a impartición do mesmo

Establécense tres grupos de alumnos/as:

Grupos: G, H e I.

Os Grupos G e H asistirán o martes ao obradoiro de cociña e o Grupo I traballarán na aula 12C actividades de autonomía e habilidades sociais.

Os tres grupos traballarán o xoves e o venres as dúas últimas sesión nos obradoiros de STEM e manualidades nas Aulas 12B e 12C.

O obradoiro de xardinaría levaráse acabo só no terceiro trimestre. Cada titor/a impartirao coa súa aula.

Os grupos fixéronse mesturando o alumnado das tres aulas para facilitar as relacións interpersoais e rotarán pasando por cada obradoiro dúas sesións semanas.

Estes grupos están suxeitos a variacións dependendo da situación persoal e das necesidades do alumnado.

No grupo I dadas as graves necesidades que presentan, os titores rotarán mensualmente por este grupo, especialmente os martes, xa que non van a asistir ao obradoiro de cociña e permanecerán na aula 12C ata a última sesión do obradoiro que poderán compartir co resto do alumnado.

OBRADOIRO DE COCIÑA.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	Temporalización			
			1 TRI	2 TRI	3 TRI	Competencias
1. Coñecer, nomear e manipular axeitadamente os utensilios de cociña, e electrodomésticos necesarios para desenvolver tarefas de cociña.	1.1. Organización dos armarios de cociña: armarios para tixolas e tarteiras, para produtos de limpeza, para utensilios de cociña similares, para alimentos.	1.1.1.Comprobar que recoñece e nomea e clasifica os distintos utensilios de cociña.	X	X	X	CCL-CPSAA CSC-CMCTE CE
		1.1.2.Comprobar que coloca axeitadamente no seu lugar os produtos, utensilios de cociña.	X	X	X	
	1.2.Os alimentos, materias primas e produtos alimenticios, diferentes clasificacións	1.2.1.Verificar que identifica e nomea os diferentes alimentos e materias primas.	X	X	X	
		1.2.2.Constatar que identifica e clasifica diferentes alimentos e recoñece os componentes dunha dieta san e equilibrada.	X	X	X	

	1.3.Elaboración de listas da compra para repoñer a despensa, o frigorífico e os armarios.	1.3.1.Planificar e prepara unha lista da compra necesaria para preparar unha receita	x	x	x	CCL-CSC-CPSAA
	1.4.Realización de compras de distintos produtos en tendas e supermercados.	1.4.1.Recoñecer as diferentes zonas dun supermercado.	x	x	x	
2. Coñecer e distinguir os diferentes alimentos, datas de caducidade e os componentes dunha dieta saudable e iniciarse na compra de alimentos.	2.1. Identificación dos componentes alimenticios dunha dieta saudable.	2.1.1.Recoñecer os distintos tipos de alimentos.	x	x	x	CE-CD
		2.1.2.Identificar alimentos saudables e perxudiciais para a saúde.	x	x	x	
		2.1.3.Coñecer e interpretar a pirámide alimentaria.	x	x	x	
		2.1.4.Recoñecer as datas de caducidade dos alimentos nos envases.	x	x	x	
3. Adquirir técnicas para a colocación e organización da despensa e dos armarios da cociña.	3.1.Desembalaxe dos produtos mercados no supermercado e colocación de cada produto no lugar axeitado.	3.1.1.Diferenciar alimentos perecedeiros e non perecedeiros.		x	x	CMCTE
		3.1.2.Organizar e conservar os alimentos		x	x	
4. Aprender a poñer, servir e recoller a mesa:elementos da	4.1.Utensilios e aparellos básicos da cociña: tarteiras, tixolas, táboas de cortar, coitelos, peladores, batedora, báscula ...	4.1.1.Constatar que pon os servizos da mesa no seu lugar correspondente e os recolle ordenadamente.	x	x	x	

cubertería , cristalería e vaixela.	4.2.Adquisición de estratexias para poñer, servir e recoller a mesa e os servicios.		x	x	x	CCL-CPSAA-CMCTE
5. Adquirir destrezas para manipular alimentos mediante técnicas básicas de cociña, bater, pelar, exprimir....	5.1.Utilización dos utensilios e aparellos para realizar tarefas específicas (cortar, bater, picar, facer zume...)	5.1.1.Observar se adquire autonomía no manexo dos utensilios de cociña (coitelos, peladores, táboas...)		x	x	CCL-CPSAA-CMCTE
	5.2Técnicas culinarias simples: bater, exprimir, cocer...	5.2.1.Observar que emprega progresivamente as técnicas de cociña básicas: lavar alimentos, pelar, cortar, picar...		x	x	
6. Coñecer o uso e funcionamento dos electrodomésticos da cociña: exprimidor eléctrico, microondas, tostadora.	6.1.Electrodomésticos da cociña: vitrocerámica, forno, lavadora, microondas, lavalouzas...	6.1.1/2.Verificar que usa axeitadamente os electrodomésticos da cociña e adopta normas de seguridade básicas.		x	x	CCL-CPSAA-CMCTE CE
	6.2.Normas de uso e medidas de seguridade na manipulación destes aparellos e electrodomésticos.			x	x	
	6.3.Aforro enerxético e uso responsable da luz, auga e reciclado.	6.3.1.Favorecer o aforro enerxético a través do uso adecuada da luz,auga e os residuos do reciclado.		x	x	

7. Adquirir e desenvolver hábitos de limpeza da cociña: barrer, fregar o chan, limpar, lavar cubertos pratos etc	7.1.A limpeza da cociña: normas básicas, uso de diferentes produtos e técnicas.	7.1.1.Desenvolver correctamente hábitos de limpeza e ordenación da cociña (barrer, fregar louza, limpar chans, armarios, azulexos...).		x	x	CCL- CPSAA- CMCTE
	7.2.Lavado e clasificación da roupa de cociña.	7.2.2.Coñecer a roupa que se emprega na cociña: mandís, panos, manteis, panos de mans...		x	x	
		7.2.3.Coidar e empregar axeitadamente a roupa de cociña		x	x	
8. Elaborar menús e receitas simples. Alimentación fría, sobremesas sinxelas..	8.1.Elaboracións de receitas de repostería tradicional sinxelas, alimentación fría e cociña creativa.	8.1.1.Verificar se é capaz de elaborar receitas e menús simples.		x	x	CCL-CPSAA- CMCTE
9. Identificar os riscos asociados ao desempeño das súas funcións adoptando medidas e hábitos de seguridade.	9.1.Medidas de seguridade para evitar riscos e accidentes.	9.1.1.Constatar se recoñece os principais riscos laborais na cociña e adoita as medidas de seguridade correspondentes.		x	x	CCL-CPSAA- CMCTE
10. Adquirir hábitos de hixiene e coidado persoal, necesarios para a manipulación de alimentos.	10.1. Valoración da hixiene personal, o orde e limpeza nas instalacións de cociña.	10.1.1/2 Observar que desenvolve hábitos de hixiene, pulcritude e coidado persoal na manipulación de alimentos.			x	CC- CPSAA- CE
	10.2. Normas de hixiene na manipulación de alimentos.					

11. Desenvolver hábitos e condutas afectivo-sociais na realización de tarefas.	11.1.Valoración positiva e aceptación de normas para a participación das tarefas colectivas.	11.1.1/2Verificar que colabora nas tarefas de grupo adoptando actitudes positivas de colaboración e respecto mutuos		X	X	CC-CPSAA-CE
	11.2.Adquirir hábitos relacionados co traballo en grupo.					

OBRADOIRO DE AUTONOMÍA

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	Temporalización			
			1 TRI	2 TRI	3 TRI	Competencias
1. Desenvolver nos alumnos hábitos de autonomía no vestido.	1.1.Vestido e desvestido das diferentes prendas.	1.1.1.Identificar a súa roupa.	X	X		CCL-CPSAA-CE-CSC-CMCTE
			X	X		
	1.2.Selección da roupa e calzado segundo o tempo, ocasións e actividades	1.1.2.Vestir e calzar axeitadamente diferentes prendas.	X	X		
		1.2.1.Seleccionar roupa e calzado para diferentes situacións.	X	X		
	1.3.Abotoado e desabotoado de prendas.	1.3.1.Abotoar e desabotoar prendas.	X	X		

	1.4.Atado e desatado de calzado.	1.3.2. Abrir e cerrar cremalleiras.	x	x		
		1.4.1.Atar e desatar cordóns.	x	x		CCL-CPSAA-CE-CSC-CMCTE
2. Desenvolver a autonomía en relación as prendas de vestir.	2.1.Orden da roupa:dobrar, colgar en perchas, ordear o armario, cesto da roupa sucia...	2.1.1.Coidar e usar a roupa axeitadamente.	x	x	x	CCL-CSC-CPSAA
3. Desenvolver a capacidade de manter de manter o orden e a limpeza do centro, aula e do seu cuarto	3.1.Orden e coidado das súas pertenzas:gafas ,mochila, armario do cole, o seu cuarto,limpieza do calzado...	3.1.1.Ser responsable e coidar das súas pertenzas persoais.	x	x	x	CCL-CSC-CPSAA-CMCTE
		3.1.2.Colaborar e realizar tarefas domésticas.	x	x	x	
4. Desenvolver nos alumnos hábitos de hixiene e saúde corporal	4.1 Realización de diferentes tarefas de hixiene persoal.	4.1.1.Manter a orde e limpeza da vestimenta, utensilios de hixiene persoal.	x	x		CCL-CSC-CPSAA
		4.1.2.Empregar e utilizar correctamente os útiles de aseo.	x	x		
		4.1.3.Manifestar hábitos de hixiene persoal.	x	x		

5. Aprender a poñer, servir e recoller a mesa: elementos da cubertería, da cristalería e da vaixela.	5.1.Adquisición de estratexias para poñer, servir e recoller a mesa e os servicios.	5.1.1.Constatar que pon os servizos da mesa no seu lugar correspondente e os recolle ordenadamente.			x	CCL-CSC- CPSAA-CE
6. Desenvolver hábitos de comportamentos axeitados.	6.1.Respecto á diferenza e á diversidade.	6.1.1.Desenvolver a capacidade de empatía.	x	x	x	CCL-CSC- CPSAA-CE
	6.2.Prevenición e resolución de conflitos.	6.2.1.Anticipar resolver e afrontar situación problemáticas de maneira axeitada.	x	x	x	
	6.3.Valoración positiva da participación nas tarefas colectivas.		x	x	x	
	6.4.Respecto das normas básicas de convivencia nos diferentes contextos.	6.4.1.Desenvolver habilidades sociais e comunicativas respectando as normas básicas de convivencia nos diferentes contextos.	x	x	x	
	6.5.Formas básicas de relación e convivencia social: saudos, agradecementos, petición de perdón, ofrecemento de axuda....	6.5.1.Desenvolver habilidades sociais e comunicativas respectando as normas básicas de convivencia.	x	x	x	CCL-CSC- CPSAA-CE

7. Desenvolver a independencia persoal e integración no entorno social e familiar e escolar.	7.1.Coñecemento e uso dos diferentes servizos da comunidade: establecementos de ocio, comercios, centros de ocio, centros de saude, institucións....	7.1.1.Progresar na autonomía nas diferentes situacións da vida cotiá.			x	CCL-CSC- CPSAA- CMCTE
	7.2.Realización de pequenas tarefas da vida cotiá como ir ó super, votar unha carta, chamar por teléfono....	7.2.1.Integrar na súa vida cotiá o emprego dos diferentes servizos e institucións da súa comunidade.		x		
	7.3.Iniciativa para elixir actividades de ocio tendo en conta a diversidade de opción.	7.3.1.Coñecer diferentes servizos de ocio e asocialos coa actividade que realizan.		x		
	7.4.Desenvolvimento do gusto pola participación en actividades grupais de ocio.	7.4.1.Participar en actividades de grupo no seu tempo libre.		x		
	7.5.Manexo do diñeiro en diferentes actividades da vida cotiá.	7.5.1.Manexar os cartos en diferentes transaccións en situación da vida cotiá.		x		
	7.6.Desprazamento autónomo polo centro e resolución de tarefas e recados sinxelos	7.6.1.Coñecer as distintas dependencias do centro.		x	x	

		7.6.2. Levar a cabo encargos e tarefas sinxelas.		x	x	
8. Coñecer e respetar as normas básicas de circulación.	8.1. Normas básicas de circulación, seguridade vial, sinais de tráfico.	8.1.1. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deberá recoñecer un peón para unha circulación optima pola rúa		x	x	CCL-CSC-CPS
		8.1.2. Manifestar respecto polas normas de circulación e de uso de espazos públicos		x	x	

OBRADOIRO DE STEM

Os contidos a traballar polos alumnos varían en función da idade, intereses, capacidades.. . polo tanto abrangue un amplo espectro que pode ir dende o uso do rato e encender o equipo e apagalo , ata o uso de diferentes redes sociais, wikis, diferentes programas de ofimática, aplicacións específicas para presentacións (stop motion, movie maker..etc), uso de aplicacións, uso da PDI, robótica (bee-boots, mackey mackey, zowy)...

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	Temporalización			
			1 TRI	2 TRI	3 TRI	Competencias
1. Emprego de ordenadores e	1.1 Coñecemento dos diferentes programas educativos.	1.1.1. Disfrutar das propias elaboracions e respectar as dos demais.	x	x	x	

tabletas e programas educativos (cisco, correo electrónico...)		1.2.1. Diseñar e desenvolver, en colaboración cos seus compañeiros diferentes actividades informáticas.	x	x	x	CCL-CSC- CPSAA- CMCTE
		1.3.1. Manifestar coidado polo material informático (rato, teclado, pantalla e tableta).	x	x	x	
2.Iniciarse na utilización de programas informáticos sinxelos como Wordpoint.	2.1. Iniciar na utilización de programas informáticos sinxelos (Word, point...)	2.1.1. Coñecer o funcionamento dos distintos tipos de programas.	x	x	x	CCL-CSC- CPSAA- CMCTE
		2.1.2. Empregar os programas para o desenvolvemento dunha actividade educativa.	x	x	x	
	2.2.1. Explorar de forma lúdica os distintos usos da internet.		x	x	x	
3.Utilizar escornabots como instrumentos lúdicos e de aprendizaxe.	3.1. Aproximación lúdica as posibilidades dos diferentes usos dun escornabot.	3.1.1. Recoñecer a mecánica dun escornabot.	x	x		CCL-CSC- CPSAA- CMCTE
		3.1.2. elaborar de maneira creativa un escornabot sinxelo.	x	x		
	3.2. identificación das partes mecánicas dun escornabot.	3.2.1. recoñecer a mecánica dun escornabot.	x	x		
		3.2.2. elaborar de maneira creativa un escornabot sinxelo	x	x		
		3.2.3 identificar diferentes materiais utilizados nas construción para o emprego dos escornabots	x	x		

	3.3. Coidado e limpeza dos materiais.	3.1. Manifestar coidado polos materiais e instrumentos que se empregan nas construción.	x	x		
4.Facer uso de Internet de xeito guiado e seguro para atopar información.	4.1 Aprendizaxe da busca da información a través de diferentes buscadores	4.1.1. Achegar o uso das tecnoloxías da información e comunicación para a atopar novos coñecementos.	x	x		CCL-CSC-CPSAA-CE
	4.2. Achegamento ao uso das diferentes TICS nos procesos de busca de información.	4.2.1 Atopar información a través de diferentes dispositivos	x	x		
	4.3. Búsqueda de información de forma responsable e segura.	4.3.1 Buscar a información de xeito responsable.			x	
5.Achegar o uso e valorar as diferentes tics como ferramentas para a creación e disfrute.	5.1 Goce co emprego das diferentes TICS			x	x	CMCTE

OBRADOIRO DE EXPRESIÓN CORPORAL/DRAMATIZACIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	Temporalización			
			1 TRI	2 TRI	3 TRI	Competencias

1.Desenvolver habilidades de comunicación mediante a expresión corporal, potenciando a capacidade de transmitir as súas emocións.	Linguaxe corporal básico: movementos, xestos, posturas e expresións faciais.	Capacidade de transmitir emocións: valorar se o alumnado é capaz de utilizar movementos, posturas e expresións faciais para comunicar emocións específicas.	x	x	x	CCL-CSC- CPSAA- CCEC
2.Fomentar a creatividade e a improvisación.	Improvisación e creatividade.	Participación activa nas dinámicas de improvisación: valorar se o alumnado participa con entusiasmo e se é capaz de improvisar.	x	x	x	CCL-CSC- CPSAA- CCEC
3.Mellorar a coordinación motriz e o control corporal	Técnicas de relaxación e control corporal: exercicios de respiración, equilibrio e coordinación.	Valorar se o alumnado progresa no control de movementos	x	x	x	CSC-CPSAA
4.Fortalecer a confianza grupal e a autoestima.	Confianza, autoestima e traballo en equipo.	Aumento da confianza grupal. Valorar se o alumnado é quen de colaborar e traballar en grupo.	x	x	x	CCL

OBRADOIRO DE ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL

OBXECTIVOS

Tomar conciencia do seu corpo

Relaxarse físicamente

Aprender estratexias de autocontrol mediante a respiración, que axuden a calmar a ansiedade

Gozar dunha sesión de relaxación e musicoterapia

CONTIDOS

Control postural e conciencia do corpo

A respiración

Discriminación sensorial

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Empregar técnicas de autocontrol.

Empregar a respiración como medio de relaxación.

Gozar dunha sesión de relaxación.

Manipular diferentes materiais sensoriais.

OBRADOIRO DE XARDINARÍA

OBXECTIVOS:

- Coñecer as principais habilidades en xardinaría.
- Coñecer o ciclo vital das plantas
- Manexar ferramentas, coas máximas medidas de seguridade
- Seguir pautas e normas de traballo coa máxima autonomía

CONTIDOS:

- Actividades básicas en xardinaria
- Ciclo vital das plantas
- O coidado das plantas: rego, abono, ...
- Manexo de ferramentas da horta
- Normas e medidas de seguridade
- Autonomía no traballo

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Identifica e describe correctamente as actividades básicas e principais en xardinaría: plantación, rego, abono, ...
- Participa activamente na realización de actividades de xardinaría, demostrando comprensión práctica
- Describe axeitadamente as fases do ciclo vital das plantas
- Explica os factores que afectan a cada etapa do ciclo vital
- Recoñece e utiliza axeitadamente as ferramentas de xardinaría máis comúns
- Aplica as normas de seguridade persoal e colectiva ao empregar ferramentas
- Cumple coas instrucións e protocolos establecidos para as tarefas asignadas
- Mantén un ambiente de traballo ordenado e seguro de xeito autónomo

4.- ACTIVIDADES:

Para acadar os obxectivos propostos para o curso, faránse diferentes tipos de actividades, tendo en conta as características e necesidades do alumnado. Podémolas agrupar en:

- Actividades de atención e percepción.

Captar detalles en láminas.

Procurar parellas.

Percibir erros en debuxos.

Captar semellanzas e diferenzas en parellas de obxectos e debuxos.

Discriminar figura-fondo.

Discriminar sons da natureza do medio ambiente.

Atopar datos.

Facer puzzles.

Atopar formas ou letras iguais a un modelo dado.

Riscar a letra diferente.

Discriminar obxectos pola súa textura.

Discriminar dirección (ir-vir), lugares, rúas.

Discriminar formas xeométricas de dúas dimensións.

Discriminar volumes xeométricos.

Discriminar puntos cardinais.

Discriminar o concepto de semana.

Discriminar o concepto de mes e ano.

Discriminar o concepto das estacións do ano.

Saber ler no reloxo de agullas as horas en punto, as medias horas, os cuartos, os minutos e segundos.

- Actividades de expresión oral.

Presentarse

Saudar.

Formar frases con palabras dadas.

Facer descrições e narracións breves.

Expresar ideas, opinións e vivencias.

Contar feitos reais ou imaxinarios.

Manter diálogos.

Preguntar para resolver dúbidas.

Actividades de lectura.

Ler mediante interpretación de debuxos e signos.

Ler de xeito comprensivo palabras usuais.

Ler frases con palabras de sílabas directas e inversas.

Ler sílabas de dobre grafía.

Ler frases de maneira enlazada e comprensiva.

Ler respectando signos de puntuación.

Ler comprensivamente un texto.

- Actividades de comprensión verbal.

Entender ordes.

Asignar nomes a obxectos.

Formar familias de palabras.

Dicir sinónimos e antónimos.

Resumir o significado dunha explicación ou texto.

Actividades de escritura.

Expresar ideas mediante debuxos e signos.

Empregar as normas ortográficas básicas.

Escribir frases.

Realizar composicións escritas.

- Actividades de razoamento.

Clasificar obxectos segundo un criterio dado.

Atopar relacións de igualdade entre dos o mais obxectos ou figuras.

Atopar diferenzas.

Descubrir absurdos.

Descubrir relacións en seriacións gráficas.

Descubrir relacións en series numéricas.

Ordenar secuencias de viñetas.

- Actividades con conceptos básicos numéricos

Discriminar máis (maior) – igual–menos (menor).

Discriminar medio (metade) –cuarto–enteiro.

Discriminar primeiro–último.

Discriminar os díxitos.

Asociar os díxitos ás cantidades.

Sumar o restar mediante obxectos, debuxos e signos.

Operacións de cálculo (suma, resta, multiplicación e división).

Resolución de problemas con diferentes operacións.

- Actividades de memoria visual e auditiva

Lembrar figuras vistas nunha lamina.

Lembrar itinerarios.

Lembrar series de palabras ou sons.

Lembrar díxitos no mesmo orden.

Memorizar poemas, cancións, adiviñas, retahilas,...

Memorizar conceptos básicos (días da semana, meses do ano. abecedario, táboas de multiplicar...)

5.- COMPETENCIAS CLAVE

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía para que os individuos poidan acadar un desenvolvemento persoal, social e profesional pleno. As competencias enténdense

como un “saber facer” aplicable a diversos contextos académicos, sociais e profesionais.

Tomando como referencia a LOMLOE e os decretos que establecen a ordenación e o currículo da educación infantil e primaria, podemos destacar os seguintes aspectos a traballar co alumnado:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

Dialogar, escoitar e falar.

Expresar sentimentos, pensamentos e opinións.

Estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión o discurso.

Adaptar a comunicación aos contextos.

Utilizar códigos e habilidades lingüísticas.

Comunicarse e conversar para convivir, para que a linguaxe, como ferramenta, sexa o motor da resolución de conflitos.

Interactuar lingüisticamente de forma axeitada en diferentes situacións.

Respectar, escoitar e valorar as aportacións dos demais.

- **Competencia plurilingüe:**

Entender mensaxes orais, manter conversas e producir textos con distintos niveis de competencia nas distintas linguas.

Respectar as distintas linguas.

- **Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería:**

Utilizar os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información, resolver problemas e tomar decisións.

Expresarse e comunicarse na linguaxe matemática.

Aplicar estratexias de resolución de problemas en situacións cotiás.

Seguir determinados procesos de pensamento (a indución e a dedución, por ex.)

Saber desenvolverse axeitadamente con autonomía e iniciativa persoal nos ámbitos da vida e do coñecemento como a saúde, a actividade produtiva, o consumo, etc.

Ser consciente da influencia que ten no medio físico a presenza das persoas.

Mostrar hábitos de consumo responsable.

Conservar os recursos e aprender a identificar e valorar a diversidade natural.

Localizar, obter, analizar e representar información.

- **Competencia dixital**

Buscar, rexistrar e comunicar información.

Facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

Empregar diferentes recursos expresivos.

Xerar producións responsables e creativas.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender

Integrar coñecementos e habilidades que permitan participar, tomar decisión, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións tomadas.

Comunicar en diferentes contextos, expresar as propias ideas e escoitar as ideas doutras persoas de forma asertiva e empática.

Ser conscientes da existencia de diferentes perspectivas.

Administrar o esforzo, autoavaliarse e autorregularse.

- **Competencia cidadá:**

Participar en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución de conflitos de forma dialogada.

Competencia emprendedora:

Afrontar os problemas.

Analizar posibilidades e limitacións.

Buscar as solución. Aprender dos erros.

Saber dialogar e negociar.

Ser flexibles nas propostas.

- **Competencia en conciencia e expresión culturais:**

Apreciar e gozar da arte así coma doutras manifestacións culturais.

Empregar recursos para a realización de creacións propias e a realización de experiencias artísticas compartidas.

Poñer en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.

Desenvolver habilidades de cooperación para conseguir un resultado final e valorar as aportacións propias e doutras persoas.

6.- TEMPORALIZACIÓN

Os contidos dos diferentes ámbitos e dos obradoiros quedan contemplados no esquema xeral da programación das diferentes áreas e obradoiros.

7.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

O noso centro ten unha gran diversidade de alumnado con necesidades moi diferenciadas. Polo que nestas circunstancias entendemos que os requisitos mínimos deben ser as características individuais de cada un, téndoas como punto de partida para optimizar o proceso de ensinanza aprendizaxe, intentando o maior progreso posible do alumno para o logro e adquisición das competencias básicas.

8.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA: ESTRATEXIAS E PROCEDEMENTO

Co fin de acadar as aprendizaxes básicas e traballar os contidos máis relevantes para desenvolver as competencias desta etapa, propoñemos o seguinte enfoque metodolóxico.

A actuación educativa vai perseguir o desenvolvemento global do alumno/a, partindo das características e necesidades individuais de cada rapaz, polo tanto, a atención á diversidade e o respecto ós intereses e necesidades dos nenos/as e a individualización da resposta educativa vai ser a liña metodolóxica empregada.

A metodoloxía didáctica será inclusiva, activa e participativa. Dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias claves. Metodoloxía que permita integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionados coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Para elo destacar a utilización de todos os soportes visuais, auditivos,... facendo fincaxe nas novas tecnoloxías con diferentes actividades interactivas.

Destacar a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias clave por medio do traballo das diferentes áreas.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado tendo en conta os seus estilos e ritmos de aprendizaxe.

Os criterios metodolóxicos que guiarán a nosa intervención educativa van ser:

- A aprendizaxe significativa que parta dos coñecementos e experiencias previas do neno/a e a priorización da funcionalidade desas aprendizaxes.
- A aprendizaxe por descubrimento, activa e manipulativa, na que sexa o rapaz quen constrúa os seus propios coñecementos.
- Un clima de seguridade e confianza onde o rapaz poida libremente experimentar, expresarse, relacionarse... sempre axudados e reforzados positivamente.

- A socialización, a interacción e a dimensión afectiva, facilitando aos alumnos/as un clima emocional cálido e positivo, que posibilite o desenvolvemento de condutas equilibradas tanto no terreo persoal coma na interacción social.
- O traballo cooperativo e a práctica vivenciada da participación e a resolución pacífica de conflitos.
- A individualización da resposta educativa, dando a cada rapaz o que precise para avanzar no seu proceso de aprendizaxe, reforzando sempre a súa autoestima e a confianza nas súas capacidades persoais.

Que os alumnos/alumnas sexan capaces de xerar aprendizaxes significativas comporta ademais:

- Unha actitude curiosa, que provoque interrogantes, hipóteses, etc.
- Capacidade de xeneralización de aprendizaxes en diferentes contextos situacionais.
- Capacidade de reflexión acerca dos propios procesos de aprendizaxe: aprender a aprender.
- Unha metodoloxía que contemple a adquisición de estratexias de exploración, descubrimento e investigación do entorno socio-cultural.

Ao longo deste curso potenciaranse as postas en común, debates e exposición de traballos en gran grupo, co fin de que os alumnos/as aprendan a expresarse en público. Para isto aproveitaranse periodicamente as sesións dalgun obradoiro de maneira que non se interrompa a normal dinámica escolar.

9.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tratándose dun centro específico, a atención á diversidade é a base fundamental do noso labor educativo, polo tanto esta atención queda reflectida na programación e desenvolvemento do currículo.

Como medida específica de atención á diversidade, dentro do nivel contamos cun Servizo de Linguaxe para atender ás necesidades comunicativas e lingüísticas dun determinado alumnado.

Crearánse agrupamentos específicos para actividades puntuais e para os obradoiros que terán alternancia para ter unha visión máis ampla e proporcionar unha mellor adaptación do alumno.

Adecuaránse as actividades ao nivel do alumnado nun contexto de clima tranquilo e atenderánse os comportamentos específicos como certas “chamadas de atención”.

SERVIZO DE LINGUAXE

O obxectivo é atender as necesidades comunicativas e lingüísticas dos alumnos/as. Dado que os obxectivos céntranse aquí en tránsito á vida adulta, en linguaxe trataremos de traballar competencias comunicativas que favorezan esa inclusión e as destrezas comunicativas para relacionarse socialmente e defenderse con autonomía.

É importante desenvolver estratexias, modelos que lle permitan relacionarse nun traballo, ter autonomía nas tarefas sociais que “ser adulto” impón, gozar do ocio e tempo libre, e acadar interaccións persoais que favorezan a súa intelixencia emocional, lingüística, matemática, etc. É darlles ferramentas comunicativas para o desenvolvemento do seu dereito a ter unha vida en comunidade, a participar nela, a beneficiarse da vida diaria e do mesmo modo, a contribuir e enriquecela como parte importante dela.

O servizo de linguaxe atende as necesidades comunicativas e lingüísticas dos alumnos/as do centro, seguindo uns criterios de prioridade, en canto a idade e gravidade. Neste nivel, este curso académico temos escolarizados, polo momento, 45 alumnos/as entre 13 e 20 anos aproximadamente, dos cales 11 son de nova incorporación ó centro. Realizada unha exploración diagnóstica para definir as súas necesidades, decidíranse en consenso co/a mestre/a titor/a se é preciso elaborar un plan de intervención en linguaxe, con apoio dentro e/ou fóra da aula. Ademais seguirase traballando cos alumnos/as con carencias na linguaxe que xa coñecemos doutros cursos e coidarase unha estreita relación cos demais profesionais que interveñan co alumno/a.

A intervención en linguaxe pretenderá os seguintes **obxectivos**:

- Potenciar a intencionalidade comunicativa como base imprescindible para a interacción persoal, social e laboral.
- Realizar intervencións directas de apoio logopédico, consensuando cos titores a intervención lingüística.
- Empregar todos os códigos e recursos comunicativos posibles (palabras, xestos, imaxes, pictogramas) para aqueles alumnos con menos destrezas lingüísticas.
- Comprender e expresarse oral e por escrito, no contexto comunitario.
- Apoiar a comunicación con reforzos (visuais, auditivos ...vivenciais) aproveitando as novas tecnoloxías.
- Planificar sistemas alternativos e/ou aumentativos de ser necesarios.
- Recrear situacións e roles da vida comunitaria, nos que teñan que despregar todas as súas habilidades lingüísticas.
- Apreciar as súas producións verbais (ser conscientes da súa linguaxe) e as dos compañeiros (valores de respecto),
- Acadar un vocabulario cun nivel de abstracción maior.
- Desenvolver ou perfeccionar as habilidades lectoescritoras, traballando a conciencia fonolóxica. E
- Disfrutar coa comunicación experimentando todas as súas posibilidades e consecuencias.

Os contidos serán os propios das diferentes dimensións da linguaxe (fonoloxía, semántica, sintáctica e pragmática) e axustaranse aos centros de interese da área social trimestrais do nivel, así como contidos referentes ás actividades conmemorativas e de educación en valores para a convivencia. A proposta curricular pretenderá conseguir sobre a base do benestar físico e emocional, o maior grao de integración e participación na comunidade. Para traballar os contidos usaranse actividades de reflexión da linguaxe: actividades de lóxica, razoamento verbal, xogos verbais, os absurdos, a linguaxe metafórica e real e a conciencia metafonolóxica como apoio a lectoescritura. Todos os contidos traballaranse apoiados nas novas tecnoloxías. No obradoiro, contidos a traballar serán:

- Práctica de actitudes e habilidades para a comunicación persoal.

- A corrección fonoarticulatoria de enunciados orais de diferente grao de complexidade.
- Verbalización de vivencias ordeadas no tempo, de noticias, demandas, sentimentos, opinións..
- Compresión e interpretación de mensaxes orais, escritos e icónicos propios do seu ámbito comunitario e profesional.
- Análise dos valores humanos a través de historias e a acción.
- Ensaio de formas de comunicación máis complexas: debates, exposicións persoais, notas, avisos, diálogos...
- Interpretación de textos narrativos, científicos, de diversión. Dinámicas lectoescriptoras.
- Práctica de roles e estratexias verbais para resolver problemas cotiás.

As sesións do obradoiro queren conseguir que os alumnos/as participen poñendo en práctica a súa competencia, coa esixencia de superarse, que se sentan importantes e saiban usar con exactitude a linguaxe; valoramos entre todos o esforzo persoal, exploraremos códigos de comunicación diferentes, potenciaremos actitudes de empatía ante problemas de certos compañeiros.

Metodoloxía: apoiarémonos en aprendizaxes mediadas, empregando a imitación e técnicas como o modelamiento, o descubrimento, a investigación, a conceptualización. Insistir na verbalización das aprendizaxes, nas explicacións, nas consignas claras, nas restrición progresiva dos apoios. Poderemos apoiar a labor de lectoescritura que realice o titor mediante actividades de conciencia metalingüística; este tipo de intervención sempre deberá ser en pequeno grupo. As sesións de obradoiro seguen un modelo "formal", propostas de actividades globalizadas que rematarán cunha conclusión verbal. A flexibilización, a dinamicidade, os temas baseados nos seus propios intereses, o equilibrio entre a realidade e a creatividade e a imaxinación... serán esenciais neste obradoiro.

Respecto aos Recursos humanos, destacar que hai tres mestres de A.L. a tempo completo aínda que un deles ocupa un cargo directivo do centro, procurarán unha boa coordinación entre si e cos titores. Aproveitaremos moitos dos recursos materiais do centro, especialmente, os de carácter audiovisual.

Organización:

A duración das sesións serán de 25 minutos, 1/2 hora, 50 minutos e/ ou 1 hora, dependendo de se é traballo na aula ou no obradoiro, antes ou despois do recreo. A flexibilidade é un dos criterios básicos no noso proxecto educativo, polo que puntualmente e sen afectar a dinámica diaria, poderemos facer grupos ou intervencións ocasionais. As sesións individuais serán nas aulas de linguaxe e afondarase na rehabilitación e reeducación; en pequeno grupo trabállanse necesidades comúns e en gran grupo (ou obradoiro) experimentaremos coa comunicación social. A sesión de obradoiro será semanal, tendo un carácter práctico e vivenciado.

Respecto a avaliación dos alumnos/as cómpre sinalar que se son novos no centro realizarase unha avaliación diagnóstica e a continuación o seu Programa de Intervención e dos antigos alumnos partirase do último PIL.

Dentro do servizo de AL, desenvolverase o proxecto de Radio Escolar (ver PXA).

Facilitaremos pautas e información á familia sobre a evolución dos seus fillos/as e trataremos de manter comunicación estreita cos titores, orientación e cos profesionais de gabinetes privados aos que acuden algúns alumnos, previa petición das autorización pertinentes, en relación coa protección de datos. A avaliación non so será no proceso de intervención con cada alumno/a, senón tamén en relación ao ámbito da coordinación cos titores e cos equipos e departamentos nos que o AL(s) estén.

10.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Dentro destes podemos distinguir:

Recursos humanos: mestres titores, mestre de Educación Musical, de Educación Física, de Audición e Linguaxe e as seis coidadoras.

Recursos materiais: dúas aulas de linguaxe, aula de psicomotricidade, de música, de usos múltiples, de estimulación multisensorial, e aula tecnolóxica, ademáis das instalacións de cociña, fogar e a biblioteca.

Materiais educativos variados que inclúen:

Material impreso variado coma libros de texto, libros de fichas...

Medios audiovisuais: vídeo, televisión, pizarra dixital, retroproector, ordenadores, ipad, e outras tablets, radio con CD...

Programas educativos diversos

Xogos educativos variados.

Material funxible diverso.

Instrumentos musicais.

Material específico de psicomotricidade.

Material específico dos obradoiros de STEM, tecnoloxía, radio, cociña, autonomía e manualidades.

Outros materiais: murais, láminas, contos con pictogramas, esferas, calendarios, reloxo, moedas e billetes, medidas de peso, volume, capacidade, etc.

MATERIAIS ESPECÍFICOS DOS OBRADOIROS:

AUTONOMÍA

FOGAR: cama, perchas, panos, produtos de limpeza, vasoira, fregona, cepillo da roupa,...

ASEO: xabón, cepillo de dentes, cepillo do pelo, toallas, cortauñas...

COCIÑA: expremedor, coitelos de untar, culleres, gorros, batas, coitelos, peladores, garfos, plancha, torrador, ...

MANUALIDADES: brochas, pinceis, pinturas, lixas, punzóns, rotuladores de varios tipos, pegamento, material de reciclaxe...

COCIÑA: electrodomésticos, materias primas para a elaboración de receitas, vaixela, produtos de limpeza...

STEM: Tablets, escornaboís, ordenadores, pizarras dixitais, pendrives.....

ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL: Material aula de estimulación multisensorial:

XARDINARÍA: luvas, vasoiras, sachos, angazos, capachos, regadeira, ...

11.- AVALIACIÓN DOS ALUMNOS/AS

A avaliación dos procesos de aprendizaxe será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas. Na avaliación serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

Aínda que a avaliación se concibe coma un proceso continuado que está plenamente integrado no proceso de ensinanza-aprendizaxe e que abrangue a todos os elementos deste proceso (alumnos/as, mestres, obxectivos, metodoloxía...), nesta etapa imos prestar especial atención a tres momentos do proceso avaliador:

A avaliación inicial, realizada ao comezo do curso escolar, coa que determinaremos o nivel de coñecementos previos dos rapaces, o seu desenrolo madurativo e psicolóxico e as distintas capacidades que posúen. Para efectuar esta avaliación inicial empregaremos as seguintes técnicas:

Revisión dos informes psicolóxicos e académicos previos.

Entrevista cos pais.

Observación sistemática: ficha de avaliación inicial, grabacións, probas orais e escritas.

A avaliación continua e formativa, ao longo de todo o curso, que nos vai permitir comprobar en que medida se acadan os obxectivos e competencias, se a selección de contidos é axeitada, se o enfoque metodolóxico e as actividades propostas son apropiadas e axustadas ás necesidades dos rapaces, de cara a realizar os reaxustes e correccións necesarias no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para esta avaliación empregaremos como técnicas principais:

A observación sistemática.

registro de datos mediante diarios de clase, anecdotarios, listas de control, etc.

Análise dos traballos realizados polos rapaces

A avaliación final, ao remate do curso, para comprobar en que medida se acadaron os obxectivos propostos, se acadaron as competencias traballadas e analizar os resultados do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Para esta avaliación empregaremos o modelo de Informe Pedagógico de avaliación final elaborado polos compoñentes de cada nivel.

Destacar que para avaliar o NCC do alumnado, non empregamos criterios de corrección numéricos cuantitativos, senón criterios máis ben cualitativos (en proceso, ben, excelente, mellorable...) e sistemas alternativos de comunicación (pictogramas. comunicación bimodal...), dado que o nivel ao que pertencen está

encamiñado ao tránsito á vida adulta e o feito de non poder seguir en moitos casos o currículo ordinario debido ás súas necesidades tan especiais.

No centro non se fan exames, avalíanse e analízanse todo tipo aptitudes e actitudes. Entender que as agrupacións de cada aula son moi diversas, cun máximo de 5 alumnos por aula, en resumo, todo o que conleva estar escolarizado nun centro específico.

12.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Durante o presente curso escolar celebraranse as seguintes conmemoracións, tal e como establece a Orde do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2025/26 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia:

CONMEMORACIÓNS:

- 20 de novembro de 2025: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2025: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- A semana do 6 de decembro de 2025: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2025: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2025: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2026: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2026: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2026: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2026: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2026: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- A segunda semana de marzo de 2026: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2026: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2026: Día Mundial da Saúde.
- A semana do 23 de abril de 2026: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2026: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2026: Día de Europa.
- A semana do 17 de maio de 2026: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2026: Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais ao longo do curso faranse tres festas de aniversarios (unha por trimestre) para conmemorar os aniversarios dos rapaces que cumpriron anos nese período.

Previsión de saídas e visitas:

Saídas mensuais por Pontevedra para usar os medios de transporte público, realizar xestións nos servizos públicos (emprego, sanidade, concello...) e realizar compras sinxelas.

1º TRIMESTRE	-Saída en tren a Vigo con actividade de autonomía en Vialia. -Ruta de sendeirismo por unha contorna natural. -Saída á Biblioteca Municipal de Pontevedra -Tour do iogur. CLESA - Fest Turrón. -Visita ás instalacións da Policía.	-Vivenciar unha viaxe en tren, desenrolar a autonomía do alumnado. -Coñecer e valorar o noso patrimonio natural. -Fomentar o hábito e o pracer da lectura. -Coñecer as instalacións e funcionamento da fábrica CLESA e a elaboración de iogures a través dun taller interactivo. -Proporcionar diversión e fomentar o desenvolto integral do alumnado a través dunha festa de Nadal. -Achegar ao alumnado ao labor da Policía dun xeito amigable e educativo.
2º TRIMESTRE	-Ruta de sendeirismo por unha contorna natural. -Visita Casa Museo Liste en Vigo. -Xornada cinematográfica no cine de Seixo ou Vialia. - Visita ao Porto de Marín e á Finca de Briz.	-Coñecer e valorar o noso patrimonio natural. -Valorar a importancia do patrimonio cultural. -Vivenciar a proxeccion dunha película nunha sala de cine. - Coñecer a importancia de conservar e protexer o mar e as nosas Rías..

3º TRIMESTRE	-Visita ao museo do mar. -Travesía en barco pola Ría de Vigo. -Ruta de sendeirismo por unha contorna natural. Aldea Grobits en A Toxa. -Visita ao Faro de Cabo Silleiro e paseo polo monte real de Baiona -Visita ao Grove e paseo en barco con visión submarina.	-Coñecer a importancia de conservar a riqueza mariña. -Desenvolver hábitos de respecto e coidado polo medio ambiente. -Vivenciar unha curta viaxe marítima. - Coñecer os valores biolóxicos do espazo protexido -Apreciar o valor histórico e patrimonial da contorna. -Descubrir a vida mariña. -Coñecer o cultivo dos mexillóns nas bateas.
-------------------------	---	---

Esta previsión de saídas poderá modificarse tanto porque non se adapten aos nosos rapaces como por calquera outra razón (como inclemencias do tempo) que fagan imposible a súa realización.

Os criterios para a asistencia a estas saídas quedará establecidos na Programación Xeral do Centro e serán sometidos a aprobación do Consello Escolar.

Trataremos facen mínimo unha saída de autonomía por trimestre.

Visitas ocasionais ofertadas por Afundación, o Concello...

Visitas-charla de persoas que lles poidan aportar información e coñecementos sobre os temas que traballamos nas aulas. Así temos programadas para xestionar:

- Charla sobre saúde bucodental.
- Charla sobre o uso responsable das novas tecnoloxías.
- Actividades de seguridade vial organizadas pola Policía Local de Pontevedra.

13.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE BIBLIOTECA.

Dadas as características e necesidades especiais do noso Ciclo, cada mestre, dun xeito flexible, establecerá un tempo para a lectura intentando espertar, crear e extender o gusto pola lectura como actividade lúdica e como fonte de formación e información, concienciando aos alumnos da súa importancia na vida cotiá.

Algunhas das actividades que realizaremos neste ciclo serán:

- Desenvolvemento de diferentes técnicas e xogos de animación á lectura na aula.

- Lectura e comentario de contos e textos informativos relacionados cos temas que se están traballando na aula.
- Representación e dramatizacións puntuais de contos relacionados con diferentes centros de interese.
- Traballar diferentes xéneros literarios: Teatro, conto, poesía e cómic... a través de actividades como:
- Preparación e representación dunha obra teatral para o Nadal
- Lectura de xornais nas sesión de autonomía e habilidades sociais.
- Creación de rimas sinxelas.
- Lectura e creación de pequenos cómics e contos a partir de imaxes, debuxos e fotos dadas...
- Elaboración de macro-contos ou contos con diferentes programas informáticos, empregando debuxos e texto feitos polos propios alumnos.
- Audicións e proyeccións de audio- contos na aula.
- Lectura de contos, recitado de poemas e representacións de guiñol entre aulas.
- Creación de contos e cómics entre diferentes aulas, de xeito que cada aula se encargue dunha parte: debuxo, texto, montaxe, portada...

Contribución ao desenvolvemento do PLEA (PLAN ANUAL DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN) Segundo a resolución 1 de setembro de 2025.

Tempo diario de lectura.

Tal e como establece a Lei Orgánica 3 /2020 do 29 de decembro (LOMLOE) no seu texto refundido coa Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE) e a súa concreción para a comunidade autónoma de Galicia no Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación Primaria, o profesorado de todas e cada unhas das áreas e materias, determinará unha dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura.

Adecuándose ao seu cumprimento tódolos mestres comprométense tódolos días 30 minutos a esta práctica cando o consideren oportuno ao longo do día.

Tamén se deseñarán e desenvolverán diferentes actividades máis puntuais con motivo das conmemoracións máis directamente relacionadas coa biblioteca escolar e o fomento da lectura.

Así, se destacan as seguintes conmemoracións:

DÍA DA PAZ (30 de xaneiro de 2026)

SEMANA DA PRENSA (segunda semana de marzo de 2026)

SEMANA DO LIBRO (semana do 23 de abril de 2026)

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS (semana do 17 de maio de 2026)

As actividades e actuacións relacionadas con estas conmemoracións realizaranse tanto a nivel de aula como de centro.

Para levar a cabo estas actividades, teránse en conta as seguintes **liñas metodolóxicas.**

- Seleccionar lecturas para os alumnos e alumnas tendo en conta os seus gustos, motivacións e capacidades.
- Empregar todo tipo de textos, contínuos e discontinúos, en soporte papel ou dixital.
- Recoñecer que existen problemas de actitude entre moitos alumnos e alumnas cara a lectura e a súa adquisición.
- Analizar a linguaxe e vocabulario dos libros para seleccionalos e adaptalos as características do noso alumnado.
- Buscar fórmulas atractivas e motivadoras de presentación e traballo cos libros e textos escritos.
- Facer que o alumnado comprenda a importancia que ten a lectura para a súa aprendizaxe, formación e desenvolvemento na vida diaria.
- Traballar o vocabulario previamente e posteriormente á lectura.
- Despertar as ideas previas sobre a temática dos textos presentados.

14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

O obxectivo fundamental do Plan de Introducción das Tecnoloxías da Información e Comunicación do noso centro é integrar o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) nas tarefas que se realizan no centro, de modo que profesorado e alumnado as empreguen como unha ferramenta máis nos procesos de ensino-aprendizaxe e sirvan como vehículo de comunicación e acceso á información de todos os cidadáns en igualdade de condicións.

Co fin de contribuír a consecución deste obxectivo, para todos os niveis propoñemos **3 ámbitos de actuación:**

- actividades na aula ordinaria.
- actividades grupais coa pizarra dixital interactiva.
- emprego da páxina web do colexio e da aula virtual.

Os **obxectivos específicos** que se pretenden conseguir son:

- Potenciar o desenvolvemento cognitivo, adquisición de habilidades e aprendizaxe mediante novas contornas.
- Impulsar o uso racional e crítico das novas tecnoloxías, capacitándoos para coñecer, entender e expresarse a través delas.
- Coñecer as partes dun ordenador (hardware y software) e da Pizarra Dixital Interactiva e dos seus elementos (borrador, lápis...)
- Conseguir unha destreza e autonomía progresiva no manexo do rato e doutros compoñentes: teclado, lápis...
- Usar e coñecer diferentes software e programas informáticos como: procesadores de texto, programas de debuxo, programas para facer presentacións, realidade aumentada...
- Descubrir o entorno que nos rodea a través das novas tecnoloxías e relacionalo co resto de materias.
- Manexar contidos de actualidade e información xeral a través de internet.
- Traballar mediante as novas tecnoloxías, obxectivos propostos nas diferentes programacións de ciclo e aula.
- Conseguir, na medida do posible, unha autonomía progresiva no uso das novas tecnoloxías e sobre os programas que se traballen.
- Emprego da páxina web do colexio e da aula virtual (AV)

Os **contidos** que se van traballar son:

- Hardware: o ordenador e os seus periféricos.
- Software: aplicacións xerais e específicas.
- Nocións básicas sobre o mantemento e seguridade dos equipos.
- Encendido e apagado.
- AV e páxina web do colexio.
- Instalación e desinstalación de programas...
- Procura de información en Internet.
- Técnicas e instrumentos.

- Valoración e selección da información.
- Outros servizos de Internet: xestións e formación.
- Riscos de Internet e precaucións.

Algunhas **actividades tipo que se van realizar** son:

- Manexo do rato: movementos do cursor, arrastres, clic
- Redacción e edición de diferentes documentos de texto.
- Resolución de actividades interactivas de programas comerciais, libres e de elaboración propia, como: Kahoot, Genially, Matematic's, Live worksheets, mundo primaria, arbolABC ... tanto en soporte CD como online e relacionadas cos elementos do currículo (Gamificación).
- Utilizar aplicacións para coñecer e traballar coa realidade aumentada como pode ser a través de Quiver.
- Coñecer aplicacións que posibiliten dar vida aos seus debuxos e creacións como, por exemplo, con ChatterKid.
- Elaboración de carteis empregando a ferramentas como, Canva, Prezi...
- Consulta de edicións dixitais de periódicos e dicionarios (RAE, RAG).
- Busca de información na rede, relacionada con diferentes centros de interese.
- Visita e navegación por diferentes páxinas Web de interese.
- Buscar na internet diferentes recursos: mapas, imaxes, vídeos... a través de canles como Youtube, google maps, etc.
- Continuar coa actualización da páxina web do colexio.

Criterios metodolóxicos a ter en conta no traballo coas novas tecnoloxías:

Facer fincapé nos hábitos básicos de manexo dos equipos: acceder e apagar o ordenador correctamente, posición correcta dos discos, teclear correctamente, uso do rato, deixar o material recollido...

Deixar sempre o máis claro posible o que pretendemos coa actividade.

Apagar o ordenador e deixar o material recollido cando remata a sesión.

Favorecer un aprendizaxe de carácter activo e participativo.

Espertar a motivación do alumnado tendo en conta as súas preferencias e intereses.

Seleccionar programas informáticos adaptados ás características e necesidades do alumnado.

En canto aos **criterios de avaliación**, basearanse na capacidade do alumno ou alumna para resolver e realizar as actividades propostas, para poñer en práctica os coñecementos adquiridos e na participación e interese demostrados, tendo en conta as súas posibilidades individuais e os seus coñecementos previos.

15.- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES E EDUCACIÓN EMOCIONAL.

Tendo en conta a Lei 4/2011 do 30 de xuño de Convivencia e participación da comunidade educativa así como o Decreto 8/2015, os problemas e as necesidades do alumnado do noso centro son contempladas na programación da educación en valores e educación emocional para o curso 2025-2026.

Importante destacar a figura de coordinador/ora de benestar e convivencia no centro, segundo a orde do 23 de agosto do 2023.

Ademais é preciso explicitar protocolos de resolución mediante estratexias de negociación levadas a fin polo coordinador de benestar e convivencia e fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción titorial de contidos relacionados coas habilidades sociais a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

- Medidas de acollida do alumnado novo na aula, no ciclo, nos grupos de obradoiros e en espazos común.
- Reforzo de normas de convivencia e de comportamento na aula, dende o primeiro día e de xeito continuado ao longo do curso.
- Desenvolvemento de actividades en gran grupo: aniversarios, obradoiros, saídas e actividades puntuais con diferentes agrupamentos.
- Introdución da coordinadora de benestar e convivencia no centro.
- Resolución de conflitos alumno/a-alumno/a, alumno/a-profesor/a a través de pautas común de actuación e o diálogo.
- Desenvolvemento na aula de diferentes técnicas de modificación de condutas: economía de fichas, contratos de conduta, reforzamento positivo, etc.

- Establecemento de sesión de tutoría co grupo-clase dentro do horario lectivo.
- Desenvolvemento de diferentes programas e actividades para traballar as habilidades sociais e a resolución pacífica de conflitos.
- Avaliación continua e final de convivencia na aula, no ciclo e no centro en xeral.

TEMPORALIZACIÓN DE VALORES E EMOCIÓNNS PARA A CONVIVENCIA

Durante todo o curso traballaremos o alfabeto das emocións e sentimentos dividindo por trimestres os meses do curso por igual. Cada mes abordaremos unha serie de emocións e sentimentos de forma reiterada que consideramos fundamentais para o desenvolvemento persoal dos alumnos e alumnas para unha mellor convivencia entre toda a comunidade escolar.

A modo de exemplo este será o cadro para este curso 2025-2026:

Alfabeto de EMOCIÓNNS e SENTIMENTOS	1º trimestre	Outubro	Melancolía, morriña, tristeza, nostalxia e pereza.
		Novembro	Medo, terror, fobia, pánico e intriga.
		Decembro	Risa, alegría e gratitude
	2º trimestre	Xaneiro	Respecto, paz, xustiza e tolerancia.
		Febreiro	Sorpresa, liberdade, xúbilo, ilusión.
		Marzo	Ira, enfado, frustración, rabia, rebeldía
	3º trimestre	Abril	Empatía, Calma, asertividade, aceptación.
		Maio	Celos, confianza, compromiso, dolor e resiliencia

16.- ACCIÓNNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

Tal e como establece o PE do noso centro no ensino respetarás a lingua materna pero ás veces non é posible a introducción dunha segunda lingua, dadas as necesidades educativas especiais dos nosos rapaces, e non se pode acadar a mesma competencia en galego que en castelán.

Polo tanto as materias a impartir en galego así como a lingua de aprendizaxe adaptaranse ás características de cada alumno/a, de cara a favorecer o desenvolvemento da competencia comunicativa do mesmo.

Para este curso escolar as accións de contribución son as seguintes:

- Colaborar na páxina WEB e/ou no BLOGUE do colexio, en colaboración co EDLG (Samaín, Magosto, Día do libro, Día das letras galegas e outras actividades realizadas no centro).
- Elaboración de murais decorativos para o corredor, proxección de videos, documentais e outras actividades.
- Visita dun contacontos o centro e ademáis elaboraremos e leeremos contos en galego. Farase en coordinación co equipo de biblioteca.
- Actividades de lecturas individuais, en grupos, por aula; realizaranse suxerencias de lecturas, en colaboración co equipo de biblioteca arredor dun tema diferente en cada trimestre.
- Faráse unha escolma, recompilación e difusión de material audiovisual en galego (películas, cortos, documentais...)
- En colaboración co profesorado de música, creación dun fondo musical en galego e realización dun concerto didáctico en galego.
- galegonas Tics, recompilación de recursos educativos e lúdicos en galego.
- Coñecemos as árbores do noso centro: elaboraremos letreiros cos nomes das árbores. Esta información recollémola nun libro.
- Aproximación á arte a partires da observación da natureza. Coñecemento e colaboración con artistas galegas que traballen nesta temática.

17.- MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR.

- Incidir nunha maior coordinación coas familias e educadores, para lograr así unha uniformidade de criterios e pautas de traballo.
- Contar con persoal de apoio no desenvolvemento dos obradoiros, en especial no de cociña, debido aos utensilios que alí se deben empregar.
- Buscar posibilidades de ampliar o tempo da saída de fin de curso.
- Traballar en colaboración coas familias do alumnado para que asuman a importancia da educación dixital ou a distancia se fora o caso dos seus fillos.
- Manter, na medida do possible, a estabilidade dos diferentes grupos.
- Empezar antes o traballo da cooperativa para adiantar o mercadillo e ter tempo de entregar a doación a ONG elexida no mesmo curso escolar.

- Revisar por idade a participación en certas actividades (ponteenciencia, salón do libro etc)
- Seleccionar actividades alternativas para o alumnado cando non teñen posibilidade de realizar saídas programadas co resto do grupo.
- Crear un banco de material común con actividades e xogos para traballar quendas etc
- Ter un rexistro de incidencias por aula.

18. - ACTIVIDADES PERIÓDICAS DA ESO CON REFERENCIA PEDAGOXICA A TVA

Neste curso vanse realizar as seguintes actividades:

Reunións mensuais do equipo para coordinar actividades conxuntas coma a programación das actividades das diferentes áreas, revisar o funcionamento do mesmo, as programacións e a adecuación das actividades propostas.

Reunións trimestrais de avaliación para unificar criterios de avaliación e efectuar as correccións necesarias no proceso de ensinanza.

Entrevistas periódicas cos pais ou titores dos alumnos/as para intercambiar información sobre os nenos/as.

Elaboración conxunta de materiais de cara a unificar os procesos de ensinanza-aprendizaxe.

19.-PROCEDIMENTO PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

O procedemento para avaliar a programación ten como referente o Plan Xeral de Avaliación do Centro onde se recollen os diferentes ámbitos que son obxecto da avaliación: alumnado, profesorado, o recursos do centro, familia e persoal non docente.

Contémplanse tamén os criterios de promoción que teremos en conta na avaliación final do Nivel:

Idade do alumno/a.

Prioridade dos aspectos socioemocionais e de adaptabilidade do escolar sobre os puramente curriculares.

O nivel de maduración e os intereses persoais do alumno/a.

A flexibilidade.

Avaliaremos os procesos de ensinanza e a nosa práctica docente en relación co logro dos obxectivos. Dito proceso terá carácter continuo e formativo ao longo do curso e incluírá referencias á:

Formación e coordinación para favorecer o proceso de ensinanza e a práctica docente.

Aproveitamento dos recursos do centro.

Relación mestres/as-alumnos/as.

Relación familia-centro.

Relación entre os mestres/as.

Organización das aulas.

Reciclaxe dos contidos.

Achegamento a novas metodoloxías e sistemas.

Criterios que se terán en conta para facer a avaliación:

Reflexionar sobre o grado de satisfacción persoal.

Analizar a consecución dos obxectivos propostos

Observar a linguaxe afectiva entre os alumnos/as e entre mestres/as- alumnos/as

Valorar a efectividade das coordinacións e o grao de implicación nos equipos e nas actividades tanto do centro, como nas actividades de formación (individual e en grupos de traballo).

Todo isto concretarase nas seguintes actuacións:

Reunións periódicas da Etapa.

Revisión da evolución dos alumnos/as.

Elaboración de informes.

Elaboración da Memoria Final da Etapa.

Pontevedra a 27 de outubro de 2025

A coordinadora

Asdo. María Elena Redondo Ferrín